




CONVOCATORIA

*De orden do Sr. Presidente convócase a Vde. á sesión ordinaria a celebrar polo Pleno da Excm. Deputación Provincial, en primeira convocatoria ás **ONCE HORAS** do día **VINTE E CINCO DE FEBREIRO DE 2020**, para tratar sobre os asuntos incluídos na Orde do Día, previamente aprobada pola Presidencia.*

De non celebrarse no día e hora indicadas, a sesión terá lugar en segunda convocatoria corenta e oito horas despois da data sinalada para a primeira, e salvo que coincida con días festivos, ou inhábiles, en cuxo caso celebrárase a esta hora do primeiro día seguinte hábil.

A partir da convocatoria os expedientes encóntranse a disposición dos Sres. Deputados na Secretaría da Deputación.

Lugo, 20 de febreiro de 2020

A SECRETARIA,

ORDE DO DIA

1. *Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de xaneiro de dous mil vinte.*

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO.

2. *Proposta de modificación, se procede, das directrices sobre a consulta previa no procedemento de elaboración das Ordenanzas e Regulamentos Provinciais da Deputación Provincial de Lugo.*
3. *Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e o Concello de Becerreá para a execución dos fins común consistentes na demolición de edificación*



antigo fogar escola e construción e xestión dun centro de día e residencial comarcal en Becerreá.

- 4. Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito do Alcalde do Concello de Alfoz, solicitando modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019.*
- 5. Aprobación, se procede, da consulta pública previa no procedemento de modificación da Ordenanza Xeral de subvencións.*
- 6. Proposta de modificación do Acordo Marco e do Convenio Colectivo Único, en materia de previsión social para continxencias de xubilación.*

--oo0oo--

- 7. Proposta de Goberno para reclamar á Xunta a posta en marcha dun plan que incorpore o uso de drones á atención sanitaria no rural.*
- 8. Moción do Grupo Provincial Socialista sobre o Plan da Ribeira Sacra.*
- 9. Moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar o fin dos recortes orzamentarios no Plan Marco de melloras de camiños municipais.*
- 10. Moción do Grupo Provincial do BNG, en apoio ás universidades públicas e ao ensino público.*
- 11. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular, para instar ao Goberno a aboar a débeda pendente a Galicia.*
- 12. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno Central a aceptar as alegacións da Xunta de Galicia e dos traballadores de Alcoa-San Cibrao ao proxecto do estatuto de consumidores electrointensivos.*



PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

- 13.** *Conta das Resolucions da Presidencia, adoptadas durante o mes de xaneiro de dous mil vinte.*
- 14.** *Comunicacións da Presidencia.*
- 15.** *Rogos e Preguntas regulamentariamente formulados.*